

## **GREGO II**

### **OPCIÓN 1: XENOFONTE**

#### **I.- TRADUCCIÓN** (Puntuación máxima: sete puntos)

Sócrates oponse ás bágoas dos seus amigos pola súa condena

᾽Ως δὲ ἤσθετο Σωκράτης τοὺς παρεπομένους δακρύνοντας, εἶπεν· Τί νῦν δακρύνετε; οὐ γὰρ πόλαι ἴστε ὅτι ἐξ ὅτουπερ ἐγενόμην κατεψηφισμένος ἦν μου ὑπὸ τῆς φύσεως ὁ θάνατος;

NOTAS. 1. ἤσθετο búsquese en αἰσθάνομαι. 2. ἴστε, 2ª de plural de οἶδα. 3. ἐξ ὅτουπερ, “desde que”.

#### **II.- PREGUNTAS** (Puntuación máxima: tres puntos)

##### **a) Contestar a DÚAS de estas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de ᾽Ως δὲ ἤσθετο Σωκράτης τοὺς παρεπομένους δακρύνοντας, εἶπεν.
2. Xenofonte como discípulo de Sócrates: obras nas que recolle o seu ensino.
3. O proceso contra Sócrates: causas e desenlace.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con φύσις “natureza” e con πόλαι, “hai tempo, antigamente”.

##### **b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:**

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico

### **OPCIÓN 2: PLATÓN**

#### **I.- TRADUCCIÓN** (Puntuación máxima: sete puntos)

Inconvenientes do amor propio

Πάντων δὲ μέγιστον κακῶν ἀνθρώποις τοῖς πολλοῖς ἐμφυτον ἐν ταῖς ψυχαῖς ἐστίν, οὗ πάντες ἀποφυγὴν οὐδεμίαν μηχανῶνται· τούτου δὲ κακοῦ ἕνεκα πᾶς ἄνθρωπος φύσει ἐστίν φίλος αὐτῷ.

NOTAS. 1. O relativo οὗ ten como antecedente μέγιστον (πάντων κακῶν). 2. αὐτῷ é pronome reflexivo, “de si mesmo”: nótese o seu espírito áspero.

#### **II.- PREGUNTAS** (Puntuación máxima: tres puntos)

##### **a) Contestar a DÚAS de estas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de οὗ πάντες ἀποφυγὴν οὐδεμίαν μηχανῶνται.
2. Principios básicos do ideario ético e político de Platón.
3. A Atenas do s. V a. C.: liñas principais da súa política.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ψυχή “alma” e con πολύς, “moito”.

##### **b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:**

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico

## **GREGO II**

### **OPCIÓN 1: XENOFONTE**

#### **I.- TRADUCCIÓN** (Puntuación máxima: sete puntos)

Sócrates define as súas afeccións en comparación coas de outros.

Ἐγὼ δ' οὖν καὶ αὐτός, ὦ Ἀντιφῶν, ὡς περ ἄλλος τις ἢ ἵππῳ ἀγαθῷ ἢ κυνὶ ἢ ὄρνιθι ἥδεται, οὕτω καὶ ἔτι μᾶλλον ἡδομαι φίλοις ἀγαθοῖς, καὶ ἐάν τι ἔχω ἀγαθόν, διδάσκω.

NOTAS.- 1. Ἀντιφῶν, Antifonte (sofista). 2. ἐγὼ δ' οὖν καὶ αὐτός 'tamén eu mesmo'. 3. οὕτω καὶ 'así tamén', 'tamén do mesmo modo'.

#### **II.- PREGUNTAS** (Puntuación máxima: tres puntos)

##### **a) Contestar a DÚAS de estas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de ἐάν τι ἔχω ἀγαθόν, διδάσκω.
2. ¿Qué relación tivo Xenofonte con Sócrates e en qué obras fala de esa relación?
3. ¿Qué sabe da estimación social que tiveron en Grecia a Poesía e os poetas?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος 'cabalo' e con φίλος 'amigo'.

##### **b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:**

1. ¿Cales son os temas fundamentais da poesía de Safo?
2. ¿Cales son as cuestións principais que se tratan en *As Nubes* de Aristófanes?

### **OPCIÓN 2: PLATÓN**

#### **I.- TRADUCCIÓN** (Puntuación máxima: sete puntos)

Sócrates aprende dos homes, non da Natureza.

Φιλομαθῆς εἰμι, ὦ φίλε· τὰ μὲν οὖν χωρία καὶ τὰ δένδρα οὐδέν μ' ἐθέλει διδάσκειν, οἱ δ' ἐν τῷ ἄστει ἄνθρωποι ἐμὲ διδάσκουσι. σὺ μέντοι τῆς ἐμῆς ἐξόδου τὸ φάρμακον ἠύρηκας.

NOTAS.- 1. O verbo ἐθέλει está en singular, pero ten dous suxeitos neutros, χωρία e δένδρα. 2. Con τῆς ἐμῆς ἐξόδου sobreenténdase ἐκ τῆς ἄστεως, "da cidade". 3. ἠύρηκας, búsquese en εὐρίσκω.

#### **II.- PREGUNTAS** (Puntuación máxima: tres puntos)

##### **a) Contestar a DÚAS de estas catro PREGUNTAS**

1. Análise sintáctica de οἱ δ' ἐν τῷ ἄστει ἄνθρωποι ἐμὲ διδάσκουσι.
2. Biografía e escritos de Platón.
3. O final de Sócrates e as súas causas.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἄνθρωπος 'home' e con φάρμακον 'remedio'.

##### **b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:**

1. ¿Cales son os temas fundamentais da poesía de Safo?
2. ¿Cales son as cuestións principais que se tratan en *As Nubes* de Aristófanes?

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na

consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.

Lémbrase tamén que en ningún caso será válido que o alumno traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.